

17



Ollos abertos

Xuntos polo camiño do amor

Todos temos experiencia de facer actividades xuntos. Unhas veces quedamos contentos delas e, outras, un pouco menos.



Unha convivencia inesquecible

Recordo moi ben aquela convivencia. Sairamos co catequista a unha casa de campo e alí pasamos tres días xuntos os dez que formamos o noso grupo.

Todo funcionou bastante ben.

Distribuímonos as tarefas que tiñamos que realizar. Cada un, segundo as súas calidades, escollía o servizo que había de prestar. Todos tiñamos algo que facer.

Os traballos más duros e que menos nos gustaban repartiámoslos, para que a ningúen lle tocase sempre o peor.

Cada un sabía cál era a súa función e cumplíaa con responsabilidade. Recordo que un día un compaño non realizou o traballo encomendado, entón as cousas xa non funcionaban tan ben. Foi necesario que o catequista interviñese con autoridade.

Os días pasáronsenos rapidamente e volvemos felices á nosa casa con moitos desexos de repetir a experiencia.

► ¿Por que funcionou ben a convivencia?



Mirada penetrante

Colaborar en grupo

Para conseguir que un grupo funcione ben, é necesario que todos os seus membros colaboren.

- Un grupo funciona ben cando...

-
-
-

■ No grupo...

É necesario que exista	Cando existen estas calidades...	¿Que sucede se faltan estas tres calidades?
Colaboración	Todos participan e son responsables.	
Organización	Distribúense as tarefas axeitadamente.	
Autoridade	O grupo marcha ben porque está ben dirixido...	



Oídos atentos

Todos somos Igrexa

Xesucristo, cando fundou a Igrexa, quixo que fosse unha única comunidade, na que se sentisen unidos e colaborasen na súa misión e nas súas actividades.

■■ A Igrexa é un Corpo e Cristo é a Cabeza

Para expresar a unidade da Igrexa, afirmamos que é un corpo, do que Cristo é a cabeza.



- Igual que o corpo, sendo un tén moitos membros, e todos estes membros, con seren moitos, non fan máis dun corpo: así tamén Cristo. Porque a todos nos bautizaron nun único Espírito, para formar un único corpo. (1 Cor 12,12-14)
- Cristo é cabeza da Igrexa, o salvador do corpo. (Ef 5,23)
- Por El, o corpo todo, ben axustado e compacto... vai medrando no amor. (Ef 4,15-16)

- Todos os membros da Igrexa son:

—

—

- Todos os membros da Igrexa están intimamente unidos:

—

—

- Cristo é Cabeza da Igrexa porque:

—

—

► Repasa o texto da columna da dereita.

► Subliña as frases do texto bíblico que teñan relación con ese texto.

► ¿Cales das ideas anteriores se expresan no debuxo?

■ 2 ■ Na Igrexa hai distintos servizos e funcións

Somos todos iguais pero non todos temos a mesma función. Non obstante, cada un está ao servizo do ben común.



- Díxolle Xesús a Pedro:
-Eu dígoche que ti es Pedro e sobre esta pedra edificarei a miña Igrexa.
(Mt 16,18)
- Hai diversidade de dons, de servizos, de realizacións..., para o ben común... Todo isto lévao a cabo o único e mesmo Espírito, repartindo a cada un os dons como a El lle parece. (1 Cor 12,4-5. 11)
- Vós sodes corpo de Cristo, e cada un pola súa parte é membro dese corpo. Na Igrexa dispuxo Deus en primeiro lugar aos apóstolos.
(1 Cor 12,27-28)

T
O
D
O
S
S
O
M
O
S

I
G
R
E
X
A

- **Pedro e os apóstolos:** Cristo confioules a Igrexa a Pedro e aos demais apóstolos, para que a dirixisen e a estendesen por todo o mundo.
- **A Xerarquía da Igrexa:** Ensina con verdade e guía con autoridade ao Pobo de Deus.
 - **O Papa:** Vicario de Cristo e sucesor do apóstolo Pedro. É a máxima autoridade na Igrexa. Mantena unida na fe e no amor.
 - **Os bispos:** Sucesores dos apóstolos. Baixo a autoridade do Papa son responsables de toda a Igrexa. Ademais dirixen e gobernan unha porción desta (diocese).
 - **Os sacerdotes e diáconos:** Colaboradores dos bispos no anuncio do Evanxeo, a educación da fe, a celebración dos sacramentos, o servizo da caridade.
- **Os relixiosos/relixiosas:** Buscan a perfección; conságranse totalmente a Deus e seguen de preto a Xesús, practicando os consellos Evanxélicos: pobreza, castidade e obediencia.
- **Os laicos ou segrares:** Son os fieis cristiáns que viven no medio do mundo. Colaboran activamente nas actividades propias da Igrexa e comprométense a transformar a sociedade segundo os valores do Evanxeo (paz, amor, xustiza...).

- ¿Quen forma a Xerarquía da Igrexa?
- ¿A quen corresponde a máxima autoridade na Igrexa?
- ¿Quen tén que colaborar activamente nas actividades da Igrexa?



- Fíxate neste debuxo: aparecen o Papa, bispos, sacerdotes, relixiosos e laicos, formando a Igrexa.



Memoria esperta

Membros da Igrexa

A Igrexa quere que nos sintamos membros dela e invítanos a colaborar a todos na misión que Xesús lle encomendou.

■ ¿Por que dicimos que Cristo é Cabeza da Igrexa?

■ ¿Quen son os laicos?

■ ¿Quen é o Papa?

O Papa é o sucesor do apóstolo san Pedro, bispo da Igrexa de Roma.
(ENF p. 187)

O ministerio do Papa na Igrexa é:

-
-

■ ¿Quen son os bispos?

■ ¿Quen son os relixiosos?

Os relixiosos son aqueles membros do Pobo de Deus... que consagran a súa vida enteiramente a Deus e seguén máis de preto a Xesucristo mediante a profesión pública dos consellos evanxélicos de castidade, pobreza e obediencia. (ENF p. 192)



Mans activas

Actitudes ante a Igrexa

Como membros da Igrexa, debemos ter cara a ela comportamentos e actitudes axeitados.

■ Propoñemos tres actitudes ante a Igrexa:

- Apreciar uns as funcións dos outros: **Humildade.**
- Traballar para o ben de todos e da Igrexa: **Colaboración.**
- Facer con esmero o traballo que nos corresponde: **Responsabilidade.**

► ¿Cal destas tres calidades necesitan as seguintes persoas?

- | | |
|--|--|
| ① "Eu teño unha función pouco importante na Igrexa; aínda que non a cumpra, non se nota. Por iso traballo a desgana e moitas veces non fago nada." | |
| ② "A Miña función é a máis importante de todas. Teño más categoría que os demás. Por iso todos deben estar ao meu servizo e facer o que eu digo." | |
| ③ "A min non me interesan nin os demás nin o ben de todos, eu traballo para o meu propio proveito. Eu ando ao meu, que cada un se arranxe como poida." | |